

OS SETE SAMURAI

Akira Kurosawa, 1954

560

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 15 e 29 de xullo | V.O.S.E.

Shichinin no Samurai (1954, 205')

Dirección: Akira Kurosawa

Guión: Akira Kurosawa, Shinobu Hashimoto, Hideo Oguni

Elenco: Toshirô Mifune, Takashi Shimura, Yoshio Inaba, Seiji Miyaguchi, Minoru Chiaki, Daisuke Katô, Ko Kimura, Kamatari Fujiwara, Keiko Tsushima, Yoshio Tsuchiya, Kokuten Kôdô

Son: Ichirô Minawa, Masanao Uehara, Fumio Yanoguchi

Dirección de arte: Sô Matsuyama

Vestuario: Kôhei Ezaki, Mieko Yamaguchi

Montaxe: Akira Kurosawa

Música: Fumio Hayasaka

Fotografía: Asakazu Nakai

Produtora: Toho (Xapón)

Formato de proxección: DCP2K, 1.33:1

Idioma orixinal: Xaponés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Ran, 1985

Dersu Uzala (*El cazador*), 1975

El infierno del odio, 1963

Yojimbo (*El mercenario*), 1961

La fortaleza escondida, 1958

Trono de sangre, 1957

Vivir, 1952

Rashomon, 1950

PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 1954 (Mellor Dirección), Oscar

1956 (Nomeado a Mellor Dirección

Artística e Vestuario), BAFTA 1955

(Nomeado a Mellor Filme)

SINOPSE

Xapón, século XVI. Unha aldea de labregos indefensos é repetidamente atacada e saqueada por unha banda de foraxidos. Aconsellados polo ancián da aldea, uns campesiños acoden á cidade co obxectivo de contratar un grupo de samurais para protexelos. A pesar de que o único salario é comida e teito, varios samurais vanse incorporando un a un ao singular grupo que finalmente se dirixe á aldea.

«O mellor filme sobre guerreiros e batallas que se teña feito xamais»

Michael Wilmington, CHICAGO TRIBUNE



“Considero o cinema como unha concentración de varias artes”

Conversa entre Akira Kurosawa e Gabriel García Márquez. Tokio, 1990

Gabriel García Márquez: Para comezar interésame saber como escribes os teus guións e por que fixeches adaptacións de grandes obras literarias. **Akira Kurosawa:** Cando concibo unha idea orixinal que me gustaría converter en guión péchome nun hotel con papel e lapis. Nese punto teño só unha idea xeral da trama e sei máis ou menos como vai rematar.

Que é o primeiro que vén á túa mente, unha idea ou unha imaxe? Non o podo explicar moi ben. Coido que todo se inicia con varias imaxes dispersas. Pola contra, sei que os guionistas aquí en Xapón primeiro crean unha visión global da secuencia do guión, organizándoa en escenas, e logo sistematizan a trama e comezan a escribir. Pero eu non creo que sexa a maneira correcta de facelo porque non somos deuses.

Recordas algunha imaxe da vida real que consideres imposible de expresar no cinema? Si. A dun pobo mineiro chamado Lidachi onde traballei como asistente de dirección sendo moi novo. O director declarara a primeira vista que o ambiente era hipnótico e estraño e esa é a razón pola que filmamos alí. Pero as imaxes resultantes amosaban unha cidade do máis común. Faltáballes o

contexto, nós sabíamos que as condicións de traballo eran moi perigosas e que as mulleres e os fillos dos mineiros viven nun continuo temor pola súa seguridade. Cando un mira o pobo confunde as imaxes con sentimentos e percíbeo máis estraño do que realmente é. Pero a cámara non o ve cos mesmos ollos.

Que tipo de cinema é o que máis che gusta ver? Sempre me gustaron os filmes mudos, con frecuencia son máis fermosos que os sonoros. Sempre quixen recuperar algo da súa beleza. Un pode contar unha historia con diálogos pero non ten sentido explicalo todo. Cando realizo un filme preguntome como sería se o realizase na época muda e tento aproximarme o máis posíbel. (...) En xeral considero o cinema como unha concentración de varias artes. Un traballo complexo que reúne elementos da pintura e da literatura. E a pesar diso un filme segue a ser un filme.

Publicado orixinalmente en Los Angeles Times, 1991

O individuo no corpo social

Por Roger Ebert

Ademais de ser un gran filme por méritos propios, *Os sete samurais* é o pai dun xénero que habería de marcar o cinema do resto do século. O crítico Michael Jeck suxire que este é o primeiro filme no que un equipo de persoas preparadas se dispón a acometer unha misión, unha

idea que logo explotarían infinidade de filmes de Hollywood como o seu remake *Los siete magníficos* (John Sturges, 1960), *Los cañones de Navarone* (J. Lee Thompson, 1961) ou *Doce del patíbulo* (Robert Aldrich, 1967) entre moitos outros. O propio Kurosawa co seu influente *Yojimbo* (1960) está no berce de *Un puñado de dólares* (Sergio Leone, 1964) e por tanto do espagete western e *La fortaleza escondida* (1958) inspirou a George Lucas para *La guerra de las galaxias* (1977). Poderíase argumentar que o cinema do director nipón deu emprego a centos de heroes de acción durante medio século cando menos.

(...) Moitos personaxes morren n'Os sete samurais pero a violencia e a acción non son o obxectivo do filme. A obra trata máis ben dos deberes e roles sociais. Aínda cando se acumulan catro baixas entre os sete samurais non hai queixas, pois esa é a súa sorte. Á xente da aldea non lles fai moita graza ter samurais ao seu redor cando os bandidos marcharon, pois os homes armados son unha ameaza constante. Esa é a natureza da sociedade deste tempo. Cara ao remate acada gran relevancia a figura dun dos samurais que namora dunha rapaza local. Aquí podemos ver dous xéneros que colisionan, o cinema de samurais e o western, co que Kurosawa estaba bastante familiarizado. Debera o heroe ficar coa rapaza? O público xaponés de 1954, afeito ao código samurai, diría que non. Kurosawa dedicou os seguintes 40 anos da súa vida a loitar contra a instrumentalización do individuo no corpo social.

Publicado en www.rogerebert.com
Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Akira Kurosawa, Manuel Vidal Estévez
Cátedra, 2005

Akira Kurosawa. Autobiografía (o algo parecido),
Akira Kurosawa. Editorial Fundamentos, 2017

Conversaciones con Akira Kurosawa
Confluencias, 2014

Los siete samurais, Akira Kurosawa
A Contracorriente Films [DVD/BluRay]

Ran, Akira Kurosawa
A Contracorriente Films [DVD/BluRay]

Vivir, Akira Kurosawa. A Contracorriente Films
[DVD/BluRay]

Trono de sangre, Akira Kurosawa
A Contracorriente Films [DVD/BluRay]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.

#eusondenumax

